

Memoria Proxecto Bibliooverán

a) Análise do contexto:	páx 2
b) Descrición pormenorizada do proxecto:	páx 2 -8
c) Criterios e procedementos empregados para a medición de resultados e indicadores de avaliación da súa efectividade:	páx 9-10
d) Resultados obtidos:	páx 10-11
e) Previsións de prolongación e mellora do proxecto:	páx 12
f) Méritos alegados:	páx 12-15



a) Análise do contexto:

Definición das necesidades que se pretenden atender:

Co servizo de extensión bibliotecaria denominado: **bibliooverán** pretendese darlle presenza á biblioteca municipal como centro de desenvolvemento cultural para a comunidade en espazos ao aire libre na época estival.

Facilitar co horario de tarde á atención ás persoas usuarias que non poden achegarse ao horario reducido estival das mañáns da Biblioteca Municipal "Luis Seoane" de Soutomaior.

Obxectivos que se queren conseguir:

- Poder ofrecer un servizo de extensión bibliotecaria fóra do horario reducido estival da biblioteca municipal.
- Promover, incentivar o uso da biblioteca ao aire libre, aproveitando as horas de luz tan necesarias.
- Achegarnos á poboación que non acode habitualmente á biblioteca municipal.
- Informar, asesorar e acompañar á poboación que se achega ao servizo.
- Implementar actividades de animación á lectura xa para público infantil, xa para público adulto.
- Dinamizar o espazo de Bibliooverán.
- Proxección de imaxe actual e de compromiso coa veciñanza por parte da biblioteca municipal.

b) Descrición pormenorizada do proxecto:

No Concello de Soutomaior, nos meses de xullo e agosto, no punto de información turística ubicado ao lado da praia da Muxeira no Peirao dispénsabanse xornais e material bibliográfico relacionado coa estación veraniega, ao ser un punto de turismo o espazo era ínfimo para poder colocar unha oferta variada, o préstamo facíase de modo manual sen ningún tipo de sistema de xestión automatizada, nin de control de persoas usuarias da rede de bibliotecas de Galicia. O horario de atención estaba tamén supeditado ao horario de información turística.

Con estes antecedentes, e coñecedores de que a poboación utilizaba este servizo nestas condicións, decidimos redifinilo do seguinte xeito:


1º- Separar, individualizar, categorizar e darlle o seu propio espazo a un servizo de extensión bibliotecaria, como é Bibliooverán.

2º- Establecer un horario de atención ás persoas usuarias que complementa ao horario no que estamos pechados na biblioteca municipal neses meses, pois en verán realizamos só de 9.00-14.00 horas de luns a venres. Deste xeito, implementamos en Bibliooverán o horario de 17.30-20.00 horas os martes, mércores e xoves.

3º- Establecemento de tres puntos distintos deste servizo de forma itinerante, para que quede todo o Concello atendido. Á inicial Praia da Muxeira no Peirao, engadimoslle dúas praias fluviais máis que se estenden polo concello: Praia de Comboa e Praia da Xunqueira de Arcade.

No mapa pódese ver a extensión que comprende e como conseguimos achegar Bibliooverán aos maiores puntos de lecer do concello.





4º- Deseño e establecemento dun espazo co carácter propio dunha minibiblioteca ao aire libre, aproveitando as sombras naturais de carballeiras o mobiliario urbano de mesas e bancos en pedra, ademáis de pufs, alfombras e asentos, estanterías pórtables de pouco peso para montar e desmontar fácilmente, sinalización con bandeirolas son os elementos que desean o espazo en Bibliooverán.

5º- O espazo ao aire libre podía plantexar a dúbida das familias de convertilo nunha ludoteca, ataxamolo cunha normativa para poder delimitar ben o servizo e implicando ás familias cando se achega público infantil. (ver normativa na páx.7)

6º- A accesibilidade que nos proporcionan estes espazos de lecer é grandísima, de feito, hai dúas persoas unha adulta e outra infantil en cadeiras de rodas, asiduas ao servizo os martes na praia do Peirao.

7º- Bibliooverán ofrece, principalmente, lectura de prensa, revistas, cómic, material bibliográfico dirixido á poboación infantil, xuvenil e adulta. Así como a posibilidade de facerse soci@ da rede de bibliotecas de Galicia ao momento, ao contar cun portátil con conexión a Internet para ter acceso ao programa de xestión Koha.

Un ordenador portátil con acceso a wifi a través da liña móbil da biblioteca, permite traballar dun xeito metódico e organizado en koha ao ter o catálogo ao intre actualizado, de calquera persoa usuaria e dos seus préstamos. Establecendo así os mesmos protocolos de atención que facemos na biblioteca municipal.

8º- Organización e profesionalización do servizo ao contratar a dúas persoas para poder desenrolalo: unha persoa coñecedora do mundo da biblioteca, trátase dunha rapaza, Raquel, que xa traballou na Biblioteca Municipal de Soutomaior de



bolseira con coñecementos de biblioteconomía e con total manexo do sistema de xestión koha e perfecta atención cara ás persoas usuarias, ademais de veciña do Concello e que leva no proxecto dende o seu inicio no verán de 2023.

Máis unha persoa monitora de tempo libre e especialista en educación infantil para axudar a dinamizar as actividades relacionadas coa animación á lectura, Diego que tamén atende este servizo dende o verán de 2023.

Para identificarse como o persoal do servizo, levan dúas camisetas en cor amarelo e co nome de Bibliooverán.

9º- A proposta deste servizo de extensión bibliotecaria nas praias faise coa axuda da OMIX que aporta ideas para favorecer: "as potencialidades creativas e participativas da mocidade, coma por exemplo, actividades preventivas e redución de riscos no tempo libre, dinamizar os espazos, iniciativas de ecoloxía e protección do medio ambiente..."

A realización desta actividade de Bibliooverán encadraríase na liña de acción social do eixe 12 "Cohesión social", área 4: Participación, cohesión social e promoción xuvenil e no eixe 17 de traballo en rede na área de colaboración transversal que establece a colaboración entre os departamentos municipais para compartir recursos municipais..." como así se recolle na proposta de programación e organización que se fixo conxuntamente con este servizo.

O desenvolvemento de Bibliooverán 2023, aportounos as achegas da mocidade, tan remisa a participar na biblioteca municipal, pero que colaboraron nas contadas e nos obradoiros, solicitandonos por exemplo: xogos de mesa, cos que dende o pasado verán xa utilizamos facendo torneos para maiores de 14 anos.

Debemos de agradecer o interese e as aportacións de profesores dos dous IES de Soutomaior nesta actividade.

A maiores das dúas persoas que atenden Bibliooverán, as entidades que nos axudan a levar a cabo conxuntamente este servizo son:

- OMIX do Concello.
- Concellería de Cultura.
- Profesorado do IES de Soutomaior.
- Deputación de Pontevedra. Plan: Liña 2 + Provincia.

10º- Ao abrir en horario continuo de mañán, reducimos con este servizo o gasto enerxético de abrir a biblioteca municipal polas tardes e aproveitamos a luz solar no horario de 17:00-20:30 horas ao facer o servizo de bibliooverán ao aire libre. Reutilizamos o material da biblioteca, sillas, mesas e estanterías para dar este servizo.

De igual xeito, colaboramos na contribución doutras ODS coma a número 3: Saúde e benestar. E ao número 10: Redución desigualdades: Ao chegar lecturas recomendadas aos espazos de lecer, ao implementar este verán campionatos de xogo de mesa fomentamos que a xente deixe as pantallas, acheguesen a un espazo libre e de relacións persoais, accesibles para todas as persoas.

Tamén ao rediseñar o servizo ao aire libre conseguimos a dinamización do espazo con actividades de animación á lectura. Son actividades que van cambiando por semanas, aquí adxuntamos as tres planificacións de actividades, a deste verán tamén incluída:

De seguido, os carteis coas programacións de actividades de Bibliooverán do anos: 2023, 2024 e 2025.



BIBLIOVERÁN

18 de xullo a 31 de agosto

Público xeral | 17:30 a 20:00 h

SOUTO
MAIOR
CONCELLO
VE
RÁN



Servizo de extensión bibliotecaria para
achegar os fondos da Biblioteca Municipal aos espazos
de lecer durante o verán, e así manter o noso hábito lector!
Préstamos, devolucións, lecturas in situ e moito máis!!!
Achégate e goza de todas estas vantaxes.

MARTES

(Praia da Muxeira, Arcade)

18 xullo | CONTACONTOS
25 xullo | Actividade Xeral
1 agosto | MARCAPÁXINAS
8 agosto | TEATRO DE CONTOS
15 agosto | Actividade Xeral
22 agosto | OBRADOIRO DE CHAPAS
29 agosto | BOOKFACE DE VERÁN

MÉRCORES

(Praia Veiguiña Longa
Comboa Soutomaior)

19 xullo | MARCAPÁXINAS
26 xullo | CONTACONTOS
2 agosto | Actividade Xeral
9 agosto | Actividade Xeral
16 agosto | TEATRO DE CONTOS
23 agosto | OBRADOIRO DE CHAPAS
30 agosto | BOOKFACE DE VERÁN

XOVES

(Praia da Xunqueira, Arcade)

20 xullo | CONTACONTOS
27 xullo | Actividade Xeral
3 agosto | MARCAPÁXINAS
10 agosto | TEATRO DE CONTOS
17 agosto | Actividade Xeral
24 agosto | OBRADOIRO DE CHAPAS
31 agosto | BOOKFACE DE VERÁN



AXENDA MUNICIPAL

Biblioteca | **Cultura**



BIBLIO VERÁN

Servizo de extensión bibliotecaria durante o cal achegamos os fondos da **Biblioteca Municipal "Luís Seoane"** aos espazos de lecer para que no verán poidamos manter o noso hábito lector! Préstamos, devolucións, lecturas in situ e moito máis!!! Achégate e goza de todas estas vantaxes.

PROGRAMACIÓN

Público xeral / 17:30 a 20:00 h.

Martes **Praia do Peirao, Arcade**

18 xuño Contacontos
25 xuño Obradoiro de chapas
2 xullo Campionato de xogos de mesa 'Time line twist'
9 xullo Conto de contos
16 xullo Obradoiro de marcapáxinas
23 xullo 'Bookface' de verán

30 xullo Creación de personaxes de conto
6 agosto Contacontos
13 agosto Xogando coas portadas
20 agosto Campionato de xogo de mesa 'Time's Up party'
27 agosto Teatro de conto improvisado
3 setembro Campionato de xogo de mesa 'A resistencia: Avalon'

Mércores **Praia da Veiguiña Longa,Comboa,Soutomaior**

19 xuño Contacontos
26 xuño Obradoiro chapas
3 xullo Campionato de xogos de mesa 'Time line twist'
10 xullo Conto de contos
17 xullo Obradoiro marcapáxinas
24 xullo 'Bookface' de verán

31 xullo Creación de personaxes de conto
7 agosto Contacontos
14 agosto Xogando coas portadas
21 agosto Campionato de xogo de mesa 'Time's Up party'.
28 agosto Teatro conto improvisado
4 setembro Campionato de xogo de mesa 'A resistencia: Avalan'.

Xoves **Praia da Xunqueira, Arcade**

20 xuño Contacontos
27 xuño Obradoiro chapas
4 xullo Campionato de xogos de mesa 'Time line twist'
11 xullo Xogando coas portadas
18 xullo Obradoiro marcapáxinas
25 xullo Contacontos.

1 agosto Creación de personaxes de conto
8 agosto 'Bookface' de verán
15 agosto Contacontos
22 agosto Campionato de xogo de mesa 'Time's Up party'
29 agosto Teatro conto improvisado
5 setembro Campionato de xogo de mesa 'A resistencia: Avalan'.



PROXECTO SUBVENCIONADO
**Deputación
Pontevedra**

SOUTOMAIOR
O CONCELLO QUE QUEREMOS



MARTES

Praia da Muxeira,
Arcade | 17:30h.-20:00h.

- 24 DE XUÑO** | Contacontos
- 1 DE XULLO** | Monicreques
- 8 DE XULLO** | Marcapáxinas e xogos de mesa familiares
- 15 DE XULLO** | Poemarios de peto
- 22 DE XULLO** | Contos teatralizados
- 29 DE XULLO** | Menestra de palabras
- 5 DE AGOSTO** | Hoxe les ti, lectura compartida
- 12 DE AGOSTO** | Hoxe contamos noutro idioma
- 19 DE AGOSTO** | Se cadra o conto
- 26 DE AGOSTO** | Chapas literarias e xogos de mesa familiares
- 2 DE SETEMBRO** | Carautas
- 9 DE SETEMBRO** | Cociñando o maxín
- 16 DE SETEMBRO** | Despedimos o verán

MÉRCORES

Praia da Veiguiña Longa,
Comboa | 17:30h.-20:00h.

- 25 DE XUÑO** | Contacontos
- 2 DE XULLO** | Monicreques
- 9 DE XULLO** | Marcapáxinas e xogos de mesa familiares
- 16 DE XULLO** | Poemarios de peto
- 23 DE XULLO** | Contos teatralizados
- 30 DE XULLO** | Menestra de palabras
- 6 DE AGOSTO** | Hoxe les ti, lectura compartida
- 13 DE AGOSTO** | Hoxe contamos noutro idioma
- 20 DE AGOSTO** | Se cadra o conto
- 27 DE AGOSTO** | Chapas literarias e xogos de mesa familiares
- 3 DE SETEMBRO** | Carautas
- 10 DE SETEMBRO** | Cociñando o maxín
- 17 DE SETEMBRO** | Despedimos o verán

XOVES

Praia da Xunqueira,
Arcade | 17:30h.-20:00h.

- 26 DE XUÑO** | Contacontos
- 3 DE XULLO** | Monicreques
- 10 DE XULLO** | Marcapáxinas e xogos de mesa familiares
- 17 DE XULLO** | Poemarios de peto
- 24 DE XULLO** | Contos teatralizados
- 31 DE XULLO** | Menestra de palabras
- 7 DE AGOSTO** | Hoxe les ti, lectura compartida
- 14 DE AGOSTO** | Hoxe contamos noutro idioma
- 21 DE AGOSTO** | Se cadra o conto
- 28 DE AGOSTO** | Chapas literarias e xogos de mesa familiares
- 4 DE SETEMBRO** | Carautas
- 11 DE SETEMBRO** | Cociñando o maxín
- 18 DE SETEMBRO** | Despedimos o verán



BIBLIO VERÁN

2025

Do 24 de xuño
ao 18 de setembro



+información



**Deputación
Pontevedra**

SOUTOMAIOR
O CONCELLO QUE QUEREMOS





Normativa BiblioVerán

- 1- Lembra que é un espazo onde as persoas menores sempre teñen que estar acompañadas, tamén nas distintas actividades relacionadas que se fagan.
- 2- As actividades son de balde. As prazas cubriranse por orde de chegada no mesmo momento.
- 3- Dentro do punto de lectura poderás ler se non trouxeches o teu carné da biblioteca.
- 4- Se queres facerte soci@, trae o teu DNI, cubre a solicitude e facémoscho ao momento.
- 5- Se queres utilizar o servizo de préstamo só tes que ser persoa socia da Rede de Bibliotecas de Galicia.
- 6- Se non rematas a túa lectura hoxe podes devolver o material achegándote á Biblioteca Municipal "Luis Seoane" de Soutomaior de luns a venres en horario de 9:00-14:00 h.
- 7- Material que poderás levar en préstamo:
revistas, cómics, contos, novela xuvenil, novela adultos.

Biblioteca Municipal | **Cultura**



c) Criterios e procedementos empregados para a medición de resultados e indicadores de avaliación da súa efectividade.

Para a medición de resultados estatísticos recollemos manualmente os datos sobre as persoas asistentes ás actividades e tamén as que usan o servizo, volcandoo nunha tabla excel, que permítenos comprobar claramente, día a día o cálculo das medias diarias, semanais e mensuais.

Tamén recollemos estatísticas dos carnés novos que se fixeron co programa koha.

Fixemos un carné propio en koha, chamado Bibliooverán onde levamos o cómputo dos préstamos que van a este servizo e que despois valenos para facer estatísticas do material que se prestou ás persoas usuarias dende él.

Recollemos suxestións por parte das persoas usuarias.

Modelo en excel que utilizamos para a medición de resultados:

Agosto :2023

MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	TOTAL SEMANA	MEDIA POR DÍA
30	31	1		
22	20	15	57	19
6	7	8		
26	19	15	60	20
13	14	15		
15	23	13	51	17
20	21	22		
32	42	20	94	31,33333333
27	28	29		
16	15	35	66	22
	NOTAS			
			0	0

MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	TOTAL MES	TOTAL MES
22	24	20	328	66

A modo de exemplo, no mes de xullo de 2023 cando iniciamos o servizo usaronno un total de 145 persoas, o mesmo número que xa levabamos só na primeira quincena de xullo de 2025.

No seu inicio no 2023 : En 21 días fixeronse un total de 13 carnés novos,un total de 26 préstamos, nas actividades ofertadas interactuaron 167 asistentes e



achegaronse ao servizo neses días preto de 500 persoas. Suliñar que na praia da Muxeira, na carballeira onde se ubica Bibliooverán cunha boa accesibilidade por contar con rampas e terreo en plano, achegaronse persoas usuarias en cadeiras de rodas a coller material bibliográfico en préstamo, e mostraron o seu agradecemento a poder asistir a actividades de animación á lectura ao aire libre.

<https://www.farodevigo.es/comarcas/2023/09/09/bibliooveran-soutomaior-recibe-medio-millar-91877346.html> (Consultado o 21/07/2025).

d) Resultados obtidos

Nota de prensa en BIBLIOVERÁN 2023

Las **playas** de Soutomaior se transformaron en áreas de lectura con "Bibliooverán", un servicio que extendió la oferta de la Biblioteca Municipal 'Luís Seoane' durante 21 días en el **Peirao** de Arcade. Este año, como novedad, la iniciativa se extendió a Veiguiña Longa, en la parroquia de Comboa, así como a la Xunqueira de Arcade. El Concello hace un balance positivo de la propuesta, que recibió más de **450 visitas** y permitió que se hicieran 13 nuevos carnés de la biblioteca, así como 26 préstamos de libros. Desde mediados del mes de julio hasta el 31 de agosto, la biblioteca se trasladó a esos espacios exteriores del municipio, lugares de ocio sobre todo para los más pequeños, para ofrecerles no solo un espacio para leer al aire libre, sino también para desarrollar diferentes **actividades de animación a la lectura**, con un total de 167 asistentes.

<https://www.farodevigo.es/comarcas/2023/09/09/bibliooveran-soutomaior-recibe-medio-millar-91877346.html> (Consultado o 21/07/2025).

Notas de prensa en BIBLIOVERÁN 2024

A última edición do **Bibliooverán**, celebrada dende o 20 de xuño ata o 11 de setembro de 2024, pechou cun **balance "moi positivo"**. Durante estes meses, a Biblioteca Pública Luís Seoane levou os seus servizos a distintos espazos ao aire libre no Concello de Soutomaior, achegando a lectura e actividades culturais a zonas de lecer, especialmente para o público infantil.

O programa desenvolveuse en lugares como o **Peirao, Veiguiña Longa, en Comboa, e a Xunqueira de Arcade**. Ademais de ofrecer un espazo de lectura ao aire libre, o Bibliooverán destacou pola variedade de actividades de animación á lectura, que incluíron contacontos, teatro, obradoiros, campionatos de xogos de mesa, e a posibilidade de realizar préstamos e devolucións de libros. Tamén se fomentaron as lecturas compartidas entre os asistentes.

Durante os case tres meses de duración do programa, **participaron máis de 450 persoas**, cunha media de asistencia diaria de 34 persoas en xuño, 28 en xullo e 48 en agosto. En total, **realizáronse 85 préstamos, unha cifra que triplica os 26 préstamos** rexistrados o ano anterior.

A concelleira de Cultura de Soutomaior, Silvia Cernadas, destacou que "este ano ampliamos o servizo de Bibliooverán debido á **alta demanda por parte das veciñas e veciños do concello**. Así, pasamos de menos de dous meses o ano pasado a case tres meses de actividades. Ademais, este ano incluímos



actividades todos os días, sendo **os xogos de mesa un dos maiores éxitos entre os asistentes**".

O obxectivo principal desta iniciativa foi **manter o hábito lector durante o verán**, facilitando o acceso a préstamos, devolucións e lectura sen que fose necesario desprazarse á biblioteca.

Dende a Biblioteca Municipal e a Concellería de Cultura mostraron a súa satisfacción polo **éxito da iniciativa** e pola boa acollida que tivo entre a veciñanza.

https://www.pontevedraviva.com/gl/xeral/o-bibliooveran-enche-soutomaior-de-lectura-ao-aire-libre_357077_102.html (Consultado o 21/07/2025).

<https://www.radioredondela.com/2024/09/16/a-bibliooveran-de-soutomaior-triplica-o-numero-de-prestamos-realizados-na-epoca-estival/>. (Consultado o 21/07/2025).

"A Bibliooverán de Soutomaior triplica o número de préstamos realizados na época estival.

Durante os case 3 meses que durou o servizo prestáronse un total de 85 libros, fronte aos 26 préstamos do pasado ano. Un servizo que busca achegar a literatura aos usuarios dos espazos máis concorridos en época estival como a praia da Muxeira no Peirao, na Veiguiña Longa en Comboa, e na Xunqueira de Arcade.

Unha edición que se desenvolveu dende o 20 de xuño ata o 11 de setembro deste 2024. Un mes durante os cales a Biblioteca Pública Luís Seoane trasladouse a diferentes espazos exteriores do Concello co fin de achegar os servizos que ofrece a biblioteca municipal Luís Seoane.

Este servizo de extensión bibliotecaria desenrolouse no Peirao, e un ano máis, tamén se estendeu a Veiguiña Longa, en Comboa, e á Xunqueira de Arcade. Lugares, todos eles, onde se ofreceu non só un espazo para a lectura ao aire libre, senón tamén un espazo onde se desenvolveron diferentes actividades de animación á lectura como contacontos, teatro, obradoiros, campionatos de xogos de mesa, préstamos e devolucións de libros e lecturas compartidas...

Durante este case 3 meses máis de 450 persoas polo servizo cunha media de 34 persoas ao día en xuño, 28 persoas en xullo e 48 persoas no mes de agosto. Fíxéronse un total de 85 préstamos, fronte aos 26 préstamos do pasado ano.

A concelleira de Cultura de Soutomaior, Silvia Cernadas, decatou que "este ano, houbo ampliación do servizo de Bibliooverán tras percibir esta demanda por parte das veciñas e veciños do concello. Ademais durante os días deste servizo houbo sempre actividades, que esa é unha das principais novidades deste ano, tendo os xogos de mesa moito éxito entre as e os asistentes".

O obxectivo desta iniciativa foi o de manter o hábito lector ao longo da época estival. Así nestes espazos realizáronse préstamos de libros, devolucións, lecturas insitu e moito máis sen ter que desprazarse ao local da biblioteca."

Conseguirmos que xente que nunca entraría na biblioteca municipal acheguese e coñezan o servizo por estar ao pé da rúa, é outro dos obxectivos que acadamos con Bibliooverán.

A día 22 de xullo de 2025, un total de 104 persoas xa interactuaron co servizo Bibliooverán e levamos xa un total de 28 préstamos, superando xa neste intre as cifras de préstamo de todo o Bibliooverán de 2023 .

Interacción coas familias, actividades para todos os públicos, nas que se



acheguen tamén os adultos é un dos obxectivos acadados nestes tres veráns, a programación de diferentes e diversas actividades cada semana ao tempo que deben de acompañar aos seus fillos nelas, desterra a idea de ludoteca e achega á biblioteca como centro social, dando a coñecer toda a súa versatilidade.

https://www.pontevedraviva.com/es/cultura/bibliooveran-lleva-lectura-zonas-bano-soutomaior_507944_102.html (Consultado o 21/07/2025).

"Bibliooverán lleva la lectura a las zonas de baño de Soutomaior.

*Las principales zonas de baño del concello de Soutomaior se transformarán este verano en extensiones de la **Biblioteca Pública Luís Seoane** gracias a una nueva edición del Bibliooverán, una iniciativa que acerca los libros y la cultura a los espacios de ocio estival de los vecinos y visitantes.*

El programa, que comenzó el martes 24 de junio y se extenderá hasta el 18 de septiembre, estará presente tres días a la semana en las diferentes playas del municipio, siempre en horario de tarde, de 17:30 a 20:00 horas.

Los martes, los libros y actividades culturales llegarán a la playa de A Muxeira, en el Peirao de Arcade; los miérgoles, será el turno de Veiguiña Longa, en Comboa; y los jueves, la Praia da Xunqueira de Arcade completará el circuito semanal.

La gran novedad de esta edición 2025 se centra en la ampliación y diversificación de las actividades de dinamización.

Según explicó Silvia Cernadas, concejala de Cultura, durante la presentación del programa, que este año se incorporan talleres de títeres, cuentos teatralizados y cuentacuentos en inglés, enriqueciendo así una oferta que ya disfrutó de "boa acollida nos últimos dous anos".

Además de la posibilidad de leer al aire libre, los usuarios podrán realizar préstamos y devoluciones de libros sin necesidad de desplazarse al local de la biblioteca, participar en lecturas compartidas y disfrutar de las diferentes actividades de animación a la lectura programadas.

Todo esto con el objetivo fundamental de "manter o hábito lector durante a época estival", destacou Cernadas.

La programación completa de actividades puede consultarse en la [web municipal](#)."

e) Previsións de prolongación e mellora do proxecto:

No primeiro ano de Bibliooverán 2023, as suxestións dirixíronse sobre todo a que se alongase o servizo no tempo. Así no Bibliooverán 2024 incrementouse o servizo en 17 días máis, e no actual Bibliooverán 2025, incrementámolo 6 días máis.

Bibliooverán, xa é un servizo bibliotecario máis, pois a xente xa identifica os días da semana coa praia onde imos estar, interiorizandoo. No verán pasado en 2024, fixemos un gasto extra en sinalización, e este ano lembrámoslle o servizo a tódalas persoas usuarias na biblioteca municipal, puxemos un aviso de voz no teléfono, recordatorio nos mails de resposta e carteis anunciadores en todo o municipio.

Dentro das previsións de mellora para o próximo verán, serían:

- Consolidación dun mesmo cartel e logotipo para Bibliooverán, de xeito que se identifique o servizo sempre coas mesmas cores e imaxen.
- Prolongación do servizo: podendo asumir o custo no mes enteiro de xuño e



setembro debido ao bo tempo que nos últimos anos estamos a ter.
- Colaboración co servizo de deportes do Concello para implementar actividades lecto saudables familiares ao aire libre.

f) Méritos alegados:

https://pontevedraviva.com/cultura/104892/biblioveran-soutomaior-2024-praias-libros-contacontos/?phpcan_action=favoritos. (Consultado o 21/07/2025).

<https://www.facebook.com/photo/?fbid=876178764546548&set=pcb.876179011213190>. (Consultado o 21/07/2025).

https://www.pontevedraviva.com/es/cultura/biblioveran-lleva-lectura-zonas-bano-soutomaior_507944_102.html (Consultado o 23/07/2025).

<https://www.diariodepontevedra.es/articulo/comarca-pontevedra/soutomaior-contara-biblioteca-itinerante-nas-praias-ata-18-setembro/202506302112031397896.html> (Consultado o 23/07/2025).



Obradoiros na praia da Xunqueira de Arcade.





Contacontos na praia da Xunqueira de Arcade.

Xogando na Praia da Muxeira.



Mobiliario e disposición do servizo Bibliooverán.



Lecturas colectivas na
Praia da Veiguiña Longa,
Comboa.



Presentación de Bibliooverán 2025

